

O ENTROIDO DE VERÍN

Xerardo Dasairas



Xerardo Dasairas Valsa, mestre, natural de Verín tén publicado máis dunha vintena de libros sobre temas históricos e etnográficos e neste eido numerosos artigos sobre o Entroido en revistas especializadas e xornais destacando as publicacións O Entroido en Terras de Monterrei, Os Entroidos Ancestrais e a aportación ao libro As Caras do Entroido Ourense no apartado da Comarca de Monterrei

O Entroido de Verín é dos poucos que se pode documentar desde finais do século XIX, aínda que existen certas referencias ás máscaras en celebracións relixiosas do século XVII. Ao longo dos anos esta, celebración sempre tivo dúas vertentes: unha máis urbana arredor dos centros sociais e casinos cos seus bailes e cea de sociedade e as comparsas temáticas que percorrían as ruas da vila. A outra, máis popular, tiña como epicentro o casco antigo onde convivían os autóctonos con numerosas familias chegadas dos pobos da contorna que contribuían a darlle a enxebreza típica daqueles tempos: tiznes, fareladas, ovos, caramelos, chanzas... disfraces de capuchón, remedos de oficios e os Cigarróns rompendo o silencio da noite cos seus estrondosos chocallos visitando bares, tabernas e casas para cobrar o seu agasallo ou convite...

Desde a chegada da democracia e pouco a pouco, o Entroido verinense vai recuperando, reorganizando e recreando moitos daqueles actos e incorporando outros novos máis acordes cos xeitos de divertimento actuais. De todo isto e desde os anos oitenta, Verín veu conformar un longo programa festivo que arranca co preanuncio no 17 de xaneiro na Festa do Chourizo e continua co Xoves de Compadres, Domingo Corredoiro, Xoves de Comadres e os tres días do Entroido propiamente ditos. Son estes, uns días nos que as xentes da vila se volcan con entusiasmo e participación, convertindo ao Entroido de Verín nun dos máis coñecidos, recoñecidos e atractivos pola súa vistosidade e ritualidade ao que cada ano acoden milleiros de persoas de todas partes da península e do extranxeiro que disfrutan da festa e da gastronomía local destes días.

VI MOSTRA DO ENTROIDO



**Venres 22 de Febreiro
de 2019**



O Cigarrón é a figura máis característica do Entroido de Verín. A careta é totalmente artesá, composta por unha máscara tallada e pintada e unha mitra de follalata na que se pintarán motivos animais ou da natureza en xera.



A máscara tallada e pintada a man ten un custo elevado, debido á súa elaboración artesá. Na actualidade o Concello de Verín realiza cursos onde os/as usuarios/as fórmanse para a súa confección.

Na parte de atrás colocárase a “Pelica”, pel que colgará en forma de rabo que en moitos casos é sintética.


O Traxe está composto por unha camisa branca, gravata e unha “chaquetilla” curta da que colgarán flocos dourados que irán atados con lazos de tres cores.



Por encima da “chaquetilla” irá o pano que estará enganchado ás “charretas”.



Unha gran faixa vermella, azul ou verde, enrolada á cintura axudará a suxeitar o pantalón una das partes máis traballosas do traxe, encima da faixa irá o cinto do cal colgarán as CHOCAS, nas pernas medias brancas, e ligas, e sempre zapatos negros.



O Cigarrón levará tamén o látego co cal se abrirá paso entre a xente ou impartirá xustiza.



CEIP LAMAS DE ABADE



dinamización
lingua galega
CIP COMPOSTELA

Xoves de compadres, 21 de febreiro

Tras as típicas ceas nos restaurantes da localidade, os "compadres" percorreren, ataviados cos seus característicos chapeus, bigotes e gabardinas, a rúas Montemaior (saída), Praza Maior Cruz, Praza da Mercé, Laureano Peláez, Irmáns Moreno, Deputación, Luís Espada, Lisa e Praza Maior onde, entre o estrondo dos petardos, celebrarán o xuízo e a queima do Maragato.



Xoves de comadres, 28 de febreiro

Pola noite, mandan as mulleres. Participaran en multitudinarias e xa tradicionais ceas das comadres nos restaurantes da vila, nas que locen vestimentas temáticas que identifican os diferentes grupos. Posteriormente e amenizadas por charangas, as mulleres dirixiran-se á Casa de Escudo, no barrio de San Lázaro, onde, sobre a 00:30, partirá a procesión.



Capuchóns

